

## DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DE VARIAS CONVOCATORIAS DE PREMIOS NO EIDO DA CULTURA.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 19-2020, por un importe total de 10.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020, para dar cobertura ás obrigas que se desprenden das convocatorias de varios premios no eido da Cultura (concurso pintura mural, concurso Samaín, certames Nadal...).

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/907 de data 23/10/2020, así como RCMOD Ref.: 96366/2020 por importe de 10.000,00 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 10.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</b>	<b>IMPORTE €</b>	<b>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</b>	<b>IMPORTE €</b>
33000.22699	10.000,00 €	33000.48101	10.000,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>10.000,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>10.000,00 €</b>

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.